

ASUNTO: Folga 24 de marzo de 2015

O día 24 de marzo de 2015, en horario de 00:00 a 24:00 horas está convocada xornada de folga no ámbito do ensino universitario galego. A devandita xornada de folga afecta ao persoal que presta servizos nesta Universidade.

De acordo co previsto no Real Decreto-Ley 17/1977 de 4 de marzo e tamén nos artigos 30 e 95.2 m) do Estatuto Básico do Empregado Público, na xornada de folga prevista para o día 24 de marzo de 2015 deberá facerse un control de asistencia.

A tal fin, os traballadores e traballadoras que presten servizos no día da folga **deberán asinar a folla de asistencia** que estarán á súa disposición **nas conserxerías de facultades, escolas, centros de investigación e demais centros administrativos, ademais das conserxerías dos edificios que acollen os Rexistros Xeral e Auxiliares da universidade**. Para asinar a folla de asistencia deberán ir provistos de documento nacional de identidade, pasaporte, carnet de conducir, tarxeta universitaria ou documentación que acredite fidedignamente a súa identidade.

O persoal que non asine nas follas de asistencia e do que non foi remitida xustificación da súa ausencia por parte dos seus responsables, entenderase que secundou a folga para os efectos do artigo 30 do EBEP.

Para calquera dúbida ou aclaración poden poñerse en contacto coa secretaría da Xerencia nos teléfonos 813560, 818607 e 813408.

Vigo, 23 de marzo de 2015

O Xerente,

Manuel Fernández Jauregui